

Biblioteca das madeiras do mundo (IX)

A colección do “ecoespazo” de Agustín Bastón en Cangas medra ata 240 exemplares



Agustín Bastón, cunha das pezas doutros creadores que se incorpora á "Biblioteca". / G. Núñez

Gonzalo Martínez

Cangas 17 MAY 2024 – Faro de Vigo-Morrazo

https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/05/17/biblioteca-das-madeiras-do-mundo-102486572.html?_gl=1*ffmkrl*_ga*MTAxMDY1MTE5OS4xNjY2NjMwODYw*_ga_DH72767NPK*MTcxNTk3NDA2NS42NTEuMS4xNzE1OTc2NjA2LjAuMC4w

A “**Biblioteca das madeiras do mundo**”, iniciativa que o artista **Agustín Bastón** arrincou hai unha década convidando a cidadáns de distintos ámbitos a intervir sobre “libros” confeccionados con múltiples especies de árbores, **incorpora 25 exemplares neste novena edición, para acadar os 240**. A mostra abre hoxe ao público no “ecoespazo da madeira”, en Rodeira, e estará exposta **ata o 9 de xuño, en horario de mañá e tarde** agás os domingos, só en xornada matinal.

Outros 25 artistas, algúns a tempo completo pero a maioría creadores ocasionais, súmanse nesta novena edición á “**Biblioteca das madeiras do mundo**”, a proposta que Agustín Bastón está a converter nun **clásico que medra polas datas das Letras Galegas**. Cada unha das obras, nunha madeira diferente e cunha historia detrás, e nesta novena edición coa colaboración da **Fundación Sales, de Vigo**, que aporta ramas e troncos de exemplares que se podaron ou morreron para darlles unha segunda vida, probablemente máis lonxeva pola maxia da arte.



Obra realizada pola artista ucraína Olésya Mohosh. / G. Núñez

Entre as incorporacións figuran unha colorista “**Ialma menciñeira**” que a artista **Zeltia García** extrae da árbore de Xúpiter, ou a homenaxe ao debuxante **Hergé** que fai a pintora **Diana Cordero** nunha ilustración con **Tintín** investigando algún misterio entre as grúas de Barreras plasmado sobre madeira de *Senna Septentrionalis*. **Nuria Guardiola** aproveita os restos dalgunha gamela castigada polo temporal e o paso dos anos para plasmar un poema, mentres **Roberto Nogueiras**, creador da Limia recoñecido polas máscaras de Entroido, aproveita una táboa de *Populus Alba Bolleana* para habitala cun paxaro que busca facer niño.



Peza de Agustín Bastón a partir de madeira de cibo de Arxentina devorada por xilófagos. / G. Núñez

Un canto á terra e á resistencia fronte á ocupación é o que fai a **artista ucraína Olésya Mohosh**, que sementa de xirasoles unha peza de *Lycianthes Ratonneti* e incorpora o texto dunha canción popular que se está a converter en **símbolo de combate contra Rusia**. Sobre o icónico **olmo de Monçao, Albertina Santos** elabora un canto de amor, con lúa que se abre en cuarto menguante, e tamén **miran desde Portugal Manuel Antonio Pólem e Paula Dacosta Ribeiro**, recoñecidos por autores do “Túnel da Cor”, de Vizela, coa participación de miles de nenos que lle deron cor aos azulexos.



“Tintín e o misterio das grúas de Barreras”. / G. Núñez

Daniel Arbones bota man de cereixo chinés para tallar un navalleiro en apnea; **Ángel Currás** utiliza *gingkgo biloba* para a súa obra e **Arceli Bernárdez** elabora unha “xaula dourada” conectada con fíos de cobre.

Te puede interesar

O promotor deste traballo colectivo, Agustín Bastón, mostra un tronco de cibo, orixinario da Arxentina, **furado polo ataque de xilófagos**; o grabador **Leonardo Rial** plasma a antiga Praza das Pontes sobre madeira de *Sucupira*; **Marta Romay** intervén sobre floripondio, a árbore da burundanga, para avisar da amnesia da sociedade dixital; **Manuel Pena** plasma un pentagrama musical sobre un tronco seco de roseira; **Diego Seixo** diserta sobre o **“Volume XII”: “Doze coma un zume” vs “Doce coma un número par”...**